



Formas de violencia de xénero V

Violencia institucional

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Xoves, 18 de novembro de 2021



O termo violencia institucional é recollido en 1993 na Declaración sobre a Eliminación da Violencia contra as Mulleres das Nacións Unidas. Trátase da primeira vez que unha proclama multilateral define e incorpora como tal a violencia física, sexual ou sociolóxica exercida ou tolerada polos Estados contra as mulleres, e na que as distintas institucións que os compoñen asumen a obriga de se afastar dese tipo de prácticas.

O Convenio do Consello de Europa sobre a prevención e a loita contra a violencia cara á muller e a violencia doméstica asume o estipulado no Convenio de Istambul de 2011. Desde a súa ratificación en 2014, a violencia institucional pode ser xulgada e condenada en España. Non obstante, non será até a aprobación do documento refundido de medidas do Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero Congreso/Senado de 2017 cando o concepto de violencia de xénero se estenda a todos os tipos de violencia contra as mulleres contidos no citado Convenio de Istambul.

No referido á violencia institucional no conxunto do Estado español, a lexislación máis avanzada é a catalá logo de aprobar en xaneiro de 2021 a reforma da Lei 5/2008, do 24 de abril, do dereito das mulleres a erradicar a violencia machista. Neste caso defínense como violencia institucional as accións e omisións das autoridades, persoal público e axentes de calquera organismo ou institución pública traducibles en obstáculos e atrancos que impidan ou retarden a consecución do obxectivo de asegurar unha vida libre de violencias e discriminacións inscritas no sistema dos sexos tradicional ou patriarcal, recoñecendo que se trata dun patrón de discriminación reiterado e estrutural.

A violencia institucional pode provir dun só acto ou práctica grave, da reiteración de actos ou prácticas de menor alcance que xeran un efecto acumulado, da omisión de actuar cando se coñeza a existencia dun perigo real ou inminente e tamén de prácticas ou omisións revitimizadoras. En definitiva, a violencia institucional remite a calquera práctica ou actitude sexista ou androcéntrica (incluída a SAP), presente na produción lexislativa, na interpretación e aplicación do dereito, ou reproducida, tolerada e non sancionada por calquera persoa ou órgano vinculado co exercicio das políticas públicas.

Con esta V edición da liña de traballo “Formas de violencia”, que o CDIF vén desenvolvendo desde 2017, consideramos necesaria a abordaxe da violencia institucional nunha xornada en que toman a palabra novas investigadoras, que nos achegarán os seus traballos e reflexións nesta materia.

Atendendo ao convenio asinado polo Consello da Cultura e a Valedoría do Pobo e en colaboración con esta, propoñemos un tempo e un espazo de coñecemento e reflexión, de debate e divulgación das investigacións que resultaron gañadora e finalista na primeira edición do Premio para Traballos Fin de Grao e Fin de Mestrado convocados conxuntamente pola Valedoría e as tres universidades galegas. Ambas achegas abordan cuestións relacionadas coas formas de violencia instaladas no campo das institucións públicas. Engádese un relatorio sobre este tipo de prácticas exercidas contra o feminismo organizado en Galicia nos primeiros anos de andadura democrática, que na súa elaboración contou cos fondos do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do Consello da Cultura Galega.

Programa

16:30 horas

Inauguración da xornada

Dolores Vilavedra Fernández,
secretaria do Consello da Cultura
Galega

María José López Couso, vicerreitora
de Titulacións e Captación
Internacional da USC

Beatriz González Moreno,
coordinadora xeral da Valedora do
Pobo

16:40 horas

María Xosé Porteiro, directora do
CDIF

16:50 horas

*Inxustiza epistémica e
argumentación xurídica. Especial
atención nos casos de violación*

Amara G. Adán, gañadora do Premio
para Traballos de Fin de Grao

Presenta: **Beatriz González Moreno**,
coordinadora xeral da Valedora do
Pobo

17:30 horas

*Unha realidade silenciada. Violencia
machista institucional*

Sabela Pérez Martín, finalista do
Premio para Traballos de Fin de
Mestrado

Presenta: **María José López Couso**,
vicerreitora de Titulacións e
Captación Internacional da USC

18:10 horas

Descanso

18:30 horas

*Violencia institucional e movemento
feminista en Galicia (1975-1983)*

Raquel Fernández Reguera,
historiadora

Presenta: **Carme Adán**, coordinadora
da Sección de Pensamento do CCG

19:15 horas

Coloquio e conclusións

Paz Filgueira, **María Xosé Porteiro** e
Mariám Mariño Costales, Centro de
Documentación en Igualdade e
Feminismos do CCG

19:45 horas

Peche da xornada

Organiza

Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos (CCG)
Valedora do Pobo

Coordina

María Xosé Porteiro García
Mariám Mariño Costales

Lugar

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

Inscripción

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado.
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Máis información

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>



Organiza:

